

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E SEIS DE MAIO DE DOUS MIL CATORCE: - - - - -

PRESIDENTA:

D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

- D^a M^a Paz Lago Martínez**
- D. Salvador Durán Bermúdez**
- D^a M^a Isabel González Domínguez**
- D. Marcos Guisasola Padín**
- D^a María Deza Martínez**
- D. Constantino Sanmartín Quiñones**
- D^a Almudena Aguíñ Fernández**
- D. Gonzalo Gonzalo Pita**
- D^a M^a Victoria González Serén**
- D^a M^a Esther Freijeiro Vázquez**
- D^a M^a Dulcinea Aguíñ Pombo**
- D. José Buezas Méndez**
- D. Pablo Piñeiro Taboada**
- D. David Otero Domínguez**
- D^a Sandra Fernández Agraso**
- D. José-Luis Rodríguez Lorenzo**

NON ASISTE:

D. José Juan Vidal Vilanova (INTERVENTOR)

SECRETARIO :

D. Ángel Luís López Pita.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e seis de maio de dous mil catorce, **baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA**, reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

A) PARTE DISPOSITIVA:

ACTAS ANTERIORES:

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS OS DÍAS 31 DE MARZO E 28 DE ABRIL DE 2014. Pola **Sra. Presidenta** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ás actas que se someten a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbanse por unanimidade as referenciadas actas.--**

2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MELLORA DAS CONDICIÓNS FINANCEIRAS DOS PRÉSTAMOS DO MECANISMO DE PAGO A PROVEDORES (RDL 4/2012, DE 24 DE FEBREIRO DE 2012). O **Sr. Secretario** dá conta do ditame favorable da **Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 22 de maio de 2014** sobre esta proposta.

A **Sra. Alcaldesa** expuxo que estaba presentada unha emenda, porque na proposta non se recollía expresamente a parte do texto que agora figura na emenda.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, indicou que se trataba de modificar as condicións derivadas da aprobación do plan de pagamento aos provedores, existindo tres alternativas diferentes e non estando seguro de que a opción elixida sexa a adecuada, posto que neste terceiro ano é cando hai que empezar a amortizar a débeda, cunha ampliación substancial da cota e non está previsto aprobar os presupostos, polo que pode que fose mais positivo o engadir un ano mais de carencia, finalizando a súa exposición para anunciar a abstención neste punto.

A **Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, explicou que a esta situación se chegou por unha mala xestión do goberno municipal, que supuxo que o concello estea hipotecado ata o ano 2022, razón pola que ían absterse. Polo que respecta á presenza das nais na sesión, aproveitou esta intervención para felicitalas por defender o que lles pertence e apoiou a súa iniciativa, recordando tamén que todo isto parte de que o concello se encontra hipotecado ata o ano 2022.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, indicou que parecía que cunha proposta deste tipo se tiña que estar de acordo, porque disminuía o interese das cantidades destinadas a pagar cinco millóns de euros de facturas que se debían aos provedores, pero o goberno aprobou un plan de axuste que supuxo a eliminación de subvencións sociais, de transporte escolar e se dixo que non se podían pagar determinadas axudas porque o impedía o plan de axuste. O interviniente continuou dicindo que logo da proposta, que elixía un suposto dos tres ofrecidos, se presentou unha emenda que non pasou por comisión e que supón que hai que ratificar este plan de axuste, coas restricións que leva consigo e que é inxusto, polo que non van a votar a favor, aínda que a proposta pareza economicamente favorable para o concello.

O **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, precisou que a emenda se debeu a un erro na redacción da proposta e que o único que supón é que se confirme que o plan de axuste está en vigor.

O **Sr. Gonzalo Pita** incidiu en que non estaba seguro de que a opción que figura na proposta fose a mais axeitada, tendo en conta que se decidiu non aprobar o presuposto.

A **Sra. Aguíñ Pombo** preguntou porque a emenda a presentou a concelleira de urbanismo.

O **Sr. Otero Domínguez** manifestou que o Ministerio de Facenda está perfectamente ao corrente do plan de axuste porque esixiu garantías para a devolución do crédito, polo que sabe que está en vigor e agora expresamente pide a súa ratificación, o que non van apoiar porque eles farían outro sen as consecuencias que ten este.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, destacou que existían tres posibles opcións e se propón escoller a que supón rebaixar o tipo de interese, porque non se considera pedir un novo ano de carencia, xa que o honesto é pagar canto antes as débedas. Polo que respecta a referencia a solicitude das nais presentes no pleno, sinalou que deberían ter cobrado antes, pero o que agora se trae non ten nada que ver con iso e explicou que outra posibilidade para liquidar as débedas, e pola que non optaron, era a de incrementar os impostos que, de acordo co que permite a lei, aínda están baixos. O interviniente continuou dicindo que o voceiro do BNG o que está a buscar é unha desculpa para votar en contra e finalizou dicindo que se debían mais préstamos dos que son obxecto deste acordo e que consideraba irresponsable trasladar débedas a outras corporacións.

O **Sr. Guisasola Padín** explicou que había que aproveitar a oportunidade de axustar os tipos de interese que se pagan por este préstamo porque, canto menos se pague, mellor e que o concello prorrogou o orzamento o 1 de xaneiro, co compromiso de amortizar a débeda, engadindo que a opción de incrementar o período de pagamento supoñía pagar mais e reiterou que a emenda, o único que facía, era confirmar a vixencia do plan de axuste.

A **Sra. Alcaldesa**, en referencia a intervención realizada antes do comezo do pleno, dixo que non entraba a valorar alusións de carácter persoal e que contestaría ao solicitado no lugar adecuado, respectando o feito de que todo o mundo ten dereito a defender os seus intereses. Sobre este punto da orde do día sinalou que das tres opcións, unha supoñía incrementar o período de pagamento do préstamo, outra engadir un ano de carencia e a terceira rebaixar o tipo de interese, non cabendo dúbida de que esta última posibilidade era a mellor. A continuación precisou que o non aboamento das subvencións non era consecuencia do plan de axuste, como se dixo aquí, xa que as axudas eran do ano 2010 e o plan se aprobou no ano 2012, cando nun prazo de 48 horas houbo que axustar o orzamento en 1.200.000,00 euros, sinalando que este tipo de plans non se dá soamente en Sanxenxo, senón en moitos concellos, coa particularidade de que se o Ministerio de Facenda propón as outras dúas opcións é porque hai concellos aos que non lles queda mais remedio que optar por elas. Finalmente indicou que a única subvención social que se suprimiu foi a dos 720 euros e que a emenda a presentou a concelleira de urbanismo porque é a voceira do grupo popular.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a votación a **emenda** que a continuación se transcribe literalmente:

“Como complemento ao dictame da Comisión informativa de facenda do día 22.05.14, sobre solicitude de redución máxima do diferencial do tipo de interés, debe ser acordado expresamente polo Pleno da Corporación e ao final da proposta de acordo a confirmación do plan de axuste aprobado no exercicio de 2012, inda que sen alteracións nin necesidade de efectuar un novo.”

Na votación da emenda alcanzouse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 2 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos pola Abstención: 6 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia, pola **maioría absoluta dos seus membros de dereito, o Pleno da Corporación acordou incorporar a emenda** arriba transcrita á proposta da alcaldía.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a proposta, coa emenda aprobada incorporada, a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0

Votos pola Abstención: 8 (Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, **o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

“ Solicitar do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a mellora das condicións financeiras das operacións de endebedamento deste Concello do RDL 4/2012 de 24 de febreiro, consistente na redución máxima do diferencial aplicable ao tipo de interés vixente (euribor a 3 meses), mantendo o resto das condicións financeiras do préstamo, coa aprobación das seguintes condicións xerais:

1. A adhesión automática ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas da administración xeral do Estado, de acordo co previsto na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.

2. Adhesión automática á plataforma Emprende en 3, prevista no acordo do Consello de ministros para impulsar e axilizar os trámites para o inicio da actividade empresarial do 24 de maio de 2013.

3. Proceder á substitución inmediata de, alomenos, un 30 % das vixentes autorizacións e licenzas de inicio de actividade económica por declaracións responsables, de acordo co previsto na Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, e elaborar un informe de avaliación

das normas da entidade local que deben modificarse por resultar incompatibles coa Lei 20/2013, de 9 de decembro, de acordo coas directrices fixadas polo Consello para a unidade de mercado.

4. Confirmar o plan de axuste aprobado no exercizo de 2012, aínda que sen alteracións e sen necesidade de efectuar un novo.”-----

3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACION INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚMERO 4 DO PXOM DO CONCELLO DE SANXENXO. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da **Comisión de Urbanismo do 22 de maio de 2014** sobre esta proposta.

A **Sra. González Serén, concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, indicou que a modificación pretendía emendar un erro do PXOM sobre a titularidade dunha parcela, co que estaba a favor, esperando que se faga canto antes para que non traia consecuencias aos propietarios e manifestou que era necesaria a revisión do PXOM.

O **Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, aludiu a que ían votar a favor da proposta, como en comisión, sinalando que se produxo un erro que había que corrixir, chamándolle a atención que no informe económico financeiro, na referencia ao equipamento 940 do centro socio cultural do Revel, se indique que o concello dispón de medios financeiros para afrontar a obra, razón pola que é unha pena que esta non se poña en marcha, dada a situación actual do inmovible.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, dixo que ían votar a favor da proposta pero puntualizou que non se pode facer urbanismo a base de modificacións, destacando que transcorreron once anos para recoñecer que un equipamento privado está erroneamente cualificado como público, o que é excesivo, sendo esta unha consecuencia, tal vez menor do PXOM, que denota unha falta de planificación e improvisación que non sempre sae ben.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, matizou que levou catro anos facelo mal e agora se tarda once anos en rectificalo, o que non ten sentido, engadindo que o PXOM, aínda que fixo a xente rica, foi unha gran desgracia para o concello, todo iso produto de que se tivo demasiada présa para a súa aprobación.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, explicou que a modificación supoñía o recoñecemento da titularidade privada dun equipamento e a incorporación como públicas doutros, sen que estas modificacións foran improvisadas, senón que respondían á demanda dos veciños e aludiu a que unha vez executado o PXOM era mais doado ver os seus erros, anunciando que se estaba traballando para abordar unha revisión integral do documento urbanístico e mentres tanto, se estaban utilizando as armas legais existentes, como eran as modificacións, para tratar de solucionar os problemas que se detecten.

O **Sr. Otero Domínguez** manifestou que non avalaban a fórmula habitual de realizar modificacións e puntualizou que o PXOM debe servir para crear riqueza, ordenando para o futuro o termo municipal, pero non para facer ricos, expresando a continuación que algunha modificación se realizou para tratar de legalizar un edificio con orde de demolición, o que está por ver se o admite o xuíz. Proseguiu a súa intervención dicindo que non é este o unico erro existente no PXOM, posto que xa no ano 2005 había un documento onde se detectaron moitos mais que están sen corrixir, polo que inevitablemente, haberá que ir a unha revisión do PXOM.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** mostrouse de acordo coa afirmación de que o PXOM debe crear riqueza e non ricos e que se conformaría con que estas fosen todas as modificacións que necesitara o PXOM.

A **Sra. Deza Martínez** sinalou que xa comentou que cando se desen todas as circunstancias necesarias, habería que facer unha revisión do PXOM e nese sentido xa se fixo un prego de prescricións técnicas, recordando non obstante, que as normas subsidiarias de 1990, anteriores ao ultimo documento urbanístico aprobado, estaban moi obsoletas e o PXOM xerou unha normalización urbanística no concello, coa adaptación á normativa vixente naquel momento.

A **Sra. Alcadesa** recordou que no seu tempo era necesario e urxente facer un PXOM, que se aprobou nun tempo record de catro anos, logo de un inxente traballo, posto que antes só había normas para o casco urbano e que enriba, en moitas ocasións, non se respectaban, posteriormente se detectaron erros no planeamento que evidentemente había que corrixir. Polo que respecta ao documento do ano 2005, citado polo **Sr. Otero Domínguez**, explicou que no mesmo se incluían mais cousas que erros e que por iso non se aprobou. Tamén aludiu a que a modificación puntual número 2 do PXOM non se aprobou para darlle licenza a un edificio da rúa Progreso, senón para solucionar un problema que afecta a case a metade do concello, sendo evidente que, se se poden dar licenzas para legalizacións, hai que concedelas, porque existe xente afectada que no seu día compraron pisos. Por último indicou que o erro que se trata de corrixir con esta modificación non o detectaron tampouco os propietarios, ata que pediron licenzas para conseguir subvencións.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: prestar aprobación inicial á Modificación Puntual nº 4 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Sanxenxo, contida no documento asinado o 14 de maio de 2014 por D. Rafael Vázquez Abal e D. José Manuel Rey Rial.

SEGUNDO: ao abeiro do disposto no art. 85.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), sométase o expediente completo ao tramite de información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión na provincia de Pontevedra.

TERCEIRO: simultaneamente, e durante o mesmo tempo que a información pública, dese audiencia aos concellos limítrofes, e solicítense os informes sectoriais que resulten pertinentes, consonte ao previsto nos informes dos técnicos municipais que obran unidos ao expediente, a fin de que sexan emitidos no prazo máximo dun mes, agás que a lexislación sectorial sinale outro prazo.”-----

4º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do 22 de maio de 2014 sobre esta proposta.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, dixo que na reunión da Mancomunidade do Salnés na que se trataron estes estatutos se indicou que se perseguía manter os servizos mancomunados e a proposta era adaptar os estatutos a nova Lei de Réxime Local para non incorrer en causa de disolución, sen que en ningún momento se falase do apartado referente á retención das débedas, razón pola que votará a favor da proposta.

A Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, manifestou que a modificación ten por obxecto adaptar os estatutos á lei, norma esta última coa que non están de acordo, porque supoñía a perda de competencias para os concellos de menos de 20.000 habitantes, prexudicaba a propia mancomunidade e daba carta libre á actuación das deputacións, motivos polos que votarán en contra da proposta.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, aludiu a que, aínda que defendía as mancomunidades como un importante organismo para coordinar os traballos dos concellos, o certo é que a Mancomunidade do Salnés realizou unha xestión catastrófica, estando presente a Sra. Alcaldesa no seus órganos de dirección e matizou que, neste caso, a referencia ao incremento da porcentaxe de retención da débeda, ou era unha medida unilateral e, polo tanto ilegal, do presidente da mancomunidade, ou a Sra. Alcaldesa, que asistiu a reunión da Xunta da Mancomunidade, non se enterou do que aprobaba, sendo ridículo asumir unha proposta en dous órganos da Mancomunidade do Salnés e logo rexeitala no Pleno da Corporación, solicitando unha aclaración ao respecto.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, en primeiro lugar dixo que ía votar en contra da proposta e a continuación que unha cousa era que o presidente da mancomunidade fixese unha proposta na que figuraba o incremento da retención do 25 ao 50%, así como a cuestión do cambio de sede e outra era que os asistentes á sesión non visen estes puntos concretos, engadindo que o informe da secretaría da mancomunidade, relativo a que se cumpría o estipulado na Lei de Bases de Réxime local, non era certo, posto que o artigo 44 desta norma indica o procedemento de aprobación dos estatutos das mancomunidades, correspondendo a elaboración aos concelleiros da totalidade dos concellos promotores da mancomunidade e que o procedemento para a modificación é similar e este proceso non se levou así neste caso.

A Sra. Alcaldesa indicou que tanto o representante do SAL como ela, asistentes á sesión da Xunta da Mancomunidade na que se aprobou a modificación dos estatutos, sabían o que votaban, que era o que figuraba na orde do día, é dicir a adaptación dos estatutos da mancomunidade á nova lei, non outras cuestións como as citadas, engadindo que o texto íntegro da modificación non se leu, non entrando a valorar o informe xurídico aludido polo anterior interviniente. A continuación dixo que cando se fan variacións substanciais nos estatutos deben comunicarse e explicarse previamente e non só introducilas nun texto, ratificándose en que non tiveron coñecemento exacto do que se incluía na modificación, porque non se recollía no título da proposta que se ía aprobar.

O **Sr. Rodriguez Lorenzo** volveu a intervir indicando, respecto do artigo 44 da Lei de Bases de Réxime Local, que podía ser discutible se os que tiñan que asistir á sesión eran todos os concelleiros de cada concello ou os que representaban aos concellos na mancomunidade, pero que sabía que había algún concello, como o de O Grove, que non tivo representantes na sesión, intervindo neste momento a **Sra. Alcaldesa** para sinalar que houbo concellos que non tiveron representantes nesa Xunta da Mancomunidade.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal).

Votos en contra: 6 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal**, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“Aprobar a modificación dos estatutos da Mancomunidade do Salnés co texto que figura no documento rexistrado de entrada no Concello de Sanxenxo o día 12 de maio de 2014 co número 3132 e que figuran selados en todas as súas follas co membrete da Mancomunidade do Salnés e na última páxina coa dilixencia correspondente da secretaria da citada mancomunidade, coa única excepción de que se mantén no artigo 18 dos estatutos o 25% da porcentaxe de retención mensual que pode solicitar a presidencia da mancomunidade á Xunta de Galicia, con cargo á participación nos tributos do Estado, da débeda do concello atinxido, ata a total cancelación da mesma.”-----

5º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PARA A INCLUSIÓN DO CONCELLO DE SANXENXO NA SECCIÓN DE CONCELLOS CON INTERESES TURÍSTICOS DA FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS.

A **Sra. Alcaldesa** explicou que este punto non se levou a comisión informativa, posto que a solicitude da FEGAMP se produxo con posterioridade a súa convocatoria, engadindo que se trataba dunha iniciativa do Concello de Sanxenxo, no seo da referida asociación municipal.

A continuación o **Sr. Secretario** deu lectura a proposición da alcaldía e a **Sra. Presidenta**, ao non estar ditaminada en comisión informativa, someteu a ratificación da inclusión deste asunto na orde do día votación, na que, por **unanimidade, resultou aprobada a referida ratificación.**

O **Sr. Gonzalo Pita**, voceiro do **Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, indicou que a pesar de que sería mais prudente absterse, ao non pasar este asunto por comisión informativa, sinalou que, dado o carácter turístico deste concello, tiña que estar na citada sección, estrañándose de que non tivese recoñecido aínda ese carácter turístico. A **Sra. Alcaldesa** interveu neste momento

para precisar que o concello xa dende fai tempo está declarado de interese turístico e foi un dos principais promotores da creación desta sección dentro da FEGAMP. O **Sr. Gonzalo Pita**, dada a importancia deste sector na economía de Sanxenxo, manifestou que apoiaría todas as medidas deste tipo.

A **Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, indicou que votarían a favor da proposición e esperaba que a actividade que se desenvolva na citada sección sexa frutífera cara ao futuro.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, tamén anunciou o voto favorable do seu grupo, dado o carácter deste concello como referente nesta materia a nivel galego, engadindo que está a favor da coordinación dos concellos, agardando que sirva para algo e recordou que a iniciativa ten que ser privada e as institucións o que teñen que facer é apoiar, posto que non está de acordo coa creación de organismos que só xeren burocracia.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, expresou o seu apoio á proposición e aludiu a que aínda que ás veces, parece que determinadas medidas non sirvan para nada, o certo é que neste sector o concello non pode quedar atrás.

O **Sr. Otero Domínguez** dixo que nesta materia había organismos públicos, feitos á medida de políticos, que non tiñan transcendencia algunha e aludiu a que a **Sra. Alcaldesa** xa vai a todos os foros deste carácter, cando non pode ser a súa persoa a principal figura da oferta turística de Sanxenxo, dado que o protagonismo debe estar no ámbito privado.

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que o anterior interviniente descoñecía por completo o traballo que se realizaba nas feiras deste carácter, nas que ademais xa estaba presente sempre o sector privado, tratando de pechar contratos, engadindo que dende o concello se considerou importante fomentar a creación dunha sección na FEGAMP que puidese ter iniciativas e que estivese aberta a todos os concellos con intereses neste sector, para o que se ampliou o criterio de admisión, de maneira que tamén puidesen estar presentes, non só os concellos declarados de interese turístico, senón os que tivesen festas de interese turístico ou distintivos de calidade.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que, por **unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“Solicitar a adhesión do Concello de Sanxenxo na **SECCIÓN DE CONCELLOS DE INTERESES TURÍSTICOS** creada na Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a defensa dos intereses dos concellos afectados desexando formar parte da subsección de concellos declarados de interese turístico.”-----

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

6º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2014. O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o informe trimestral de **intervención**, correspondente ao primeiro trimestre de 2014, en cumprimento do disposto nos artigos 4.3 da Lei 15/2010 do 5 de xullo, remitido á **Alcaldía** mediante escrito do Sr. **Interventor**, de data 14 de abril de 2014 (registro de entrada número 2.345) e que a continuación se transcribe literalmente:

"De acordo ao disposto no artigo 4.3 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, publicada no B.O.E. o día 6 de xullo, achégolle a V.I. informe sobre o cumprimento dos prazos de pagamento, correspondente ao 1º trimestre de 2014, previstos nesta Lei, coa finalidade de que, por mandato legal e de acordo ao disposto no parágrafo 4, se o estima conveniente e no mesmo xeito que os efectuados nos períodos de dación anteriores, se remita ao Pleno da Corporación.

Os informes que se achegan son os relativos a cada un dos entes separados que integran o Concello de Sanxenxo. En especial remítome ao resumo de períodos medios de pago e, en definitiva, aos pagos realizados no trimestre que constan no expediente.

Lémbrase a obriga de avanzar cara o cumprimento dos termos legais do novo marco normativo contido no artigo 216 do R.D. legislativo 3/2011 de 14 de novembro sobre prazo de pago (30 días) e devengo de xuros de demora.

A comparativa dos períodos medios de pago (PMP) e dos períodos medios de pendente de pago (PMPP) entre o 4º trimestre de 2013 e o 1º trimestre de 2014 é a seguinte

4º trim 13	Concello	Terra	Xerencia	Nauta	Insula	Turismo
PMP	100,87	82,53	31,73	38,66	62,50	5,43
PMPP	78,80	86,19	26,63	12,51	0,00	119,17

1º trim 14	Concello	Terra	Xerencia	Nauta	Insula	Turismo
PMP	112,69	147,36	40,20	44,95	22,98	53,88
PMPP	123,35	123,56	39,00	76,09	0,00	278,70

Inda non se acadou o cumprimento estricto dos termos legais esixibles.

Asemade débese de dar cumprimento ao disposto na Lei 3/2004, modificada polo Real decreto lei 3/2013, en relación ao disposto no artigo 216 do R.D.L. 3/2011, de 14 e novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, normas que, literalmente, din:

"La Ley 3/2004, de 29 de diciembre, fue a su vez modificada por el artículo 33.4 del Real Decreto Ley nº 4/2013, de 22 de febrero, de medidas de apoyo al emprendedor y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo; que literalmente establece:

Artículo 8. Indemnización por costes de cobro: "1. Cuando el deudor incurra en mora, el acreedor tendrá derecho a cobrar del deudor una cantidad fija de 40 euros, que se añadirá en todo caso y sin necesidad de petición expresa a la deuda principal.

Además, el acreedor tendrá derecho a reclamar al deudor una indemnización por todos los costes de cobro debidamente acreditados que haya sufrido a causa de la mora de éste y que superen la cantidad indicada en el párrafo anterior.

2. El deudor no estará obligado a pagar la indemnización establecida en el apartado anterior cuando no sea responsable del retraso en el pago".

“Artículo 216. Pago del precio: “1. El contratista tendrá derecho al abono de la prestación realizada en los términos establecidos en esta Ley y en el contrato, con arreglo al precio convenido.

2. El pago del precio podrá hacerse de manera total o parcial, mediante abonos a cuenta o, en el caso de contratos de tracto sucesivo, mediante pago en cada uno de los vencimientos que se hubiesen estipulado.

3. El contratista tendrá también derecho a percibir abonos a cuenta por el importe de las operaciones preparatorias de la ejecución del contrato y que estén comprendidas en el objeto del mismo, en las condiciones señaladas en los respectivos pliegos, debiéndose asegurar los referidos pagos mediante la prestación de garantía.

4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.

5. Si la demora en el pago fuese superior a cuatro meses, el contratista podrá proceder, en su caso, a la suspensión del cumplimiento del contrato, debiendo comunicar a la Administración, con un mes de antelación, tal circunstancia, a efectos del reconocimiento de los derechos que puedan derivarse de dicha suspensión, en los términos establecidos en esta Ley.

6. Si la demora de la Administración fuese superior a ocho meses, el contratista tendrá derecho, asimismo, a resolver el contrato y al resarcimiento de los perjuicios que como consecuencia de ello se le originen.

7. Sin perjuicio de lo establecido en las normas tributarias y de la Seguridad Social, los abonos a cuenta que procedan por la ejecución del contrato, solo podrán ser embargados en los siguientes supuestos:

a) Para el pago de los salarios devengados por el personal del contratista en la ejecución del contrato y de las cuotas sociales derivadas de los mismos.

b) Para el pago de las obligaciones contraídas por el contratista con los subcontratistas y suministradores referido a la ejecución del contrato.

8. Las Comunidades Autónomas podrán reducir los plazos de treinta días, cuatro meses y ocho meses establecidos en los apartados 4, 5 y 6 de este artículo”.

Tense comprobado que se ten instaurado o cumprimento efectivo destes preceptos, o que foi sinalado e advertido por esta Intervención dende a entrada en vigor das normas xurídicas de referencia.

Sanxenxo, 14 de abril de 2014””

CONCELLO DE SANXENXO:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	1	AÑO	2014
CONCELLO			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	103,04	75,06	15,00	10.163,97	9,00	435.053,11
Art. 21	69,68	71,17	47,00	20.188,33	47,00	32.128,22
Art. 22	143,00	137,23	67,00	43.240,41	414,00	217.707,49
Art. 23	88,69	58,69	0,00	0,00	2,00	971,90
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	31,03	5,37	5,00	4.705,87	5,00	11.629,54
				78.298,58		697.490,26
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes	12	6.132,33				
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		6.132,33				0,00
CONCELLO			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Art. 20	65,62	35,62	0,00	0,00	9,00	466.873,68
Art. 21	141,22	116,31	2,00	1.228,15	9,00	23.661,50
Art. 22	173,76	144,98	5,00	6.209,35	971,00	541.649,55
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	84,82	61,00	1,00	2.541,00	1,00	26.257,15
				9.978,50		1.058.441,88

CONCELLO			Pendiente de reconocimiento			
	Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR		Nº operaciones	Importe total		
Cap. 2	25,70		139,00	74.079,89		
Cap. 6	123,00		1,00	1.854,66		
				75.934,55		

O.A “TERRA DE SANXENXO”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	1	AÑO	2014
TERRA			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	162,10	133,49	1,00	1.331,00	11,00	139.308,49
Art. 21	65,07	38,90	4,00	509,64	19,00	4.806,30
Art. 22	147,37	140,43	9,00	22.004,28	191,00	131.919,69
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	54,10	24,10	0,00	0,00	2,00	17.527,80
				23.844,92		293.562,28
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes	4	3.863,20				
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		3.863,20				0,00
TERRA			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	

	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Art. 20	120,31	90,31	0,00	0,00	16,00	338.774,04
Art. 21	34,00	4,00	0,00	0,00	1,00	93,46
Art. 22	130,20	100,20	0,00	0,00	76,00	167.101,93
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6						
				0,00		505.969,43
TERRA			Pendiente de reconocimiento			
	Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR		Nº operaciones	Importe total		
Cap. 2	27,18		61,00	145.494,49		
Cap. 6						
				145.494,49		

O.A. “XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010		TRIMESTRE	1	AÑO	2014	
XERENCIA		Pagos realizados en el trimestre				
		Dentro período legal pago		Fuera período legal pago		
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	13,00	0,00	3,00	5.024,97	0,00	0,00
Art. 21	45,00	15,00	0,00	0,00	1,00	295,95
Art. 22	65,44	39,72	3,00	486,44	4,00	4.875,50
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6						

							5.171,45
							5.511,41
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período				
Gastos corrientes	1	65,38					
Inversiones							
Op. Comerciales							
Sin desagregar							
		65,38					0,00
XERENCIA			Pendiente de pago				
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago		
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total	
Art. 20							
Art. 21							
Art. 22	39,00	9,00	0,00	0,00	1,00	552,27	
Art. 23							
Art. 24							
Art. 26							
Art. 27							
2 sin desagregar							
Cap. 6							
				0,00		552,27	
XERENCIA			Pendiente de reconocimiento				
	Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR		Nº operaciones	Importe total			
Cap. 2	448,81		6,00	31.197,30			
Cap. 6							
				31.197,30			

“NAUTA SANXENXO, S.L.”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	1	AÑO	2014
NAUTA		Pagos realizados en el trimestre				
		Dentro período legal pago			Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	47,57	2,39	47,00	31.670,19	41,00	77.408,80
Inmovilizado (2)	28,91	32,30	1,00	11.495,00	2,00	6.284,61
Sin desagregar						
Total				43.165,19		83.693,41
		Intereses demora pagados en el período				
	Nº pagos	Importe				
Gastos corrientes	28	410,74				
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		410,74				0,00
NAUTA		Pendiente de pago				
		Dentro período legal pago			Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	76,09	51,24	9,00	14.718,88	10,00	181.883,69
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				14.718,88		181.883,69

“INSULA SANXENXO, EMPRESA MUNICIPAL DA VIVENDA E SOLO, S.L.”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	1	AÑO	2014
INSULA			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	22,98		4,00	301,01		
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				301,01		0,00
			Intereses demora pagados en el período			
	Nº pagos	Importe				
Gastos corrientes	0	0,00				
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
INSULA			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)						
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				0,00		0,00

“TURISMO DE SANXENXO, S.L.”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	1	AÑO	2014
TURISMO			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	53,88	43,29	5,00	3.286,92	2,00	5.863,40
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				3.286,92		5.863,40
			Intereses demora pagados en el período			
	Nº pagos	Importe				
Gastos corrientes	0	0,00				
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
TURISMO			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	278,70	230,74	0,00	0,00	8,00	3.954,88
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				0,00		3.954,88

A Corporación deuse por enterada.-----

7º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O SEGUIMENTO DO PLAN DE AXUSTE CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2014. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o informe de intervención sobre o seguimento do plan de axuste do 1º trimestre de 2014, remitido á **Alcaldía**, para a súa elevación ao Pleno, mediante escrito do **Interventor** de data 15 de abril de 2014, rexistrado de entrada co número 2.385, no que se indica que se remitiu ao Ministerio de Facenda e Administracións e que a continuación se transcribe literalmente:

“Téndose emitido informe previo, preceptivo e de obriga legal por esta intervención sobre seguimento do plan de axuste efectuado por este Concello, para acollerse ao mecanismo de pago a provedores por importe de 5.059.306,98 euros, e tendo en conta o disposto no artigo 10 do R.D.L. 7/2012 de 9 de marzo, resulta que:

1.-A orden HAP/2105/2010 de 2 de outubro, no seu artigo 2, outorga ao órgano interventor a facultade exclusiva de emitir informes e remitilos aos organismos correspondentes do Estado, dos referidos na normativa de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

2.-Esta mesma orde, no seu artigo 10, establece a obrigar de remitir, antes do día 15 de cada trimestre, información sobre o seguimento e nivel de cumprimento do plan de axuste. Para este primeiro trimestre o prazo foi prorrogado ata o día 22 de abril.

3.- O xa mencionado artigo 10 do R.D.L. 7/2012 establece que, dos informes do interventor, darase conta ao Pleno da Corporación.

En consecuencia:

Téndose efectuado a obriga mencionada e tendo sido remitido o informe correspondente ao primeiro trimestre de 2014, polo sistema informático ou telemático establecido no Ministerio o día 15.04.14, elévese o mesmo ao Pleno da Corporación aos efectos legais previstos na normativa anteriormente citada. Sanxenxo, 15 de abril de 2014.”

INFORME EXPLICATIVO SOBRE EL SEGUIMIENTO DEL PLAN DE AJUSTE CONTEMPLADO EN EL REAL DECRETO LEY4/2012, DE 24 DE FEBRERO (actualización al primer trimestre de 2.014):

I.-ANTECEDENTES:

Este Ayuntamiento ha efectuado un Plan de Ajuste al que se refiere el artículo 7º del **Real Decreto Ley 4/2012, de 24 de febrero**, que regula el mecanismo de pago a proveedores.

Dicho Plan de Ajuste, informado previamente por la Intervención Local, fue aprobado por el Pleno de la Corporación y autorizado por el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

En virtud de dicho Plan de Ajuste el Ayuntamiento de Sanxenxo, concertó una operación de endeudamiento de las contempladas en el artículo 10 del Real Decreto Ley 4/2012, de 24 de febrero, por importe de **5.059.306,98 €** (sensiblemente inferior a la cifra máxima prevista en el Plan que era de 6.000.000,00 €). La entidad financiera colaboradora del Fondo de Financiación Estatal es el BBVA.

II.-NORMATIVA APLICABLE:

Artículo 7. Plan de ajuste: “1. Una vez remitida la relación certificada prevista en el artículo 3, el interventor, en caso de no haberse efectuado el pago de las obligaciones reconocidas, elevará al pleno de la corporación local un plan de ajuste, en los términos previstos en este artículo, para su aprobación antes del 31 de marzo de 2012

2. El plan de ajuste aprobado se extenderá durante el período de amortización previsto para la operación de endeudamiento establecida en el artículo 10, debiendo los presupuestos generales anuales que se aprueben durante el mismo, ser consistentes con el mencionado plan de ajuste. En todo caso, el contenido del citado plan deberá cumplir los siguientes requisitos:

a) Recoger ingresos corrientes suficientes para financiar sus gastos corrientes y la amortización de las operaciones de endeudamiento, incluida la que se formalice en el marco de la presente norma;

b) Las previsiones de ingresos corrientes que contenga deberán ser consistentes con la evolución de los ingresos efectivamente obtenidos por la respectiva entidad local en los ejercicios 2009 a 2011;

c) Una adecuada financiación de los servicios públicos prestados mediante tasa o precios públicos, para lo que deberán incluir información suficiente del coste de los servicios públicos y su financiación;

d) Recoger la descripción y el calendario de aplicación de las reformas estructurales que se vayan a implementar así como las medidas de reducción de cargas administrativas a ciudadanos y empresas que se vayan a adoptar en los términos que se establezcan por Acuerdo de la Comisión Delegada del Gobierno para Asuntos Económicos;

e) Cualesquiera otros requisitos que se establezcan por Acuerdo de la Comisión Delegada del Gobierno para Asuntos Económicos.

3. El Plan de ajuste podrá incluir modificación de la organización de la corporación local.

4. El plan de ajuste deberá remitirse por la entidad local el día siguiente de su aprobación por el pleno al órgano competente del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, por vía telemática y con firma electrónica, quien realizará una valoración del plan presentado, y se la comunicará a la entidad local en un plazo de 30 días naturales a contar desde la recepción del plan. Transcurrido dicho plazo sin comunicación de la citada valoración, ésta se considerará desfavorable.

5. Valorado favorablemente el plan de ajuste se entenderá autorizada la operación de endeudamiento prevista en el artículo 10.”

2º.-REAL DECRETO LEY 7/2012, DE 9 DE MARZO:

TÍTULO III. Seguimiento del Plan de ajuste.-Artículo 10. Obligaciones de información de Entidades Locales: “Con carácter general, las Entidades locales que concierten las operaciones de endeudamiento previstas en este real decreto-ley, deberán presentar anualmente al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas un informe del interventor sobre la ejecución de los planes de ajuste contemplados en el [artículo 7](#) del Real Decreto-ley 4/2012, de 24 de febrero.

En el caso de las Entidades locales incluidas en el ámbito subjetivo definido en los [artículos 111 y 135](#) del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, se deberá presentar el informe anterior con periodicidad trimestral.

Del informe del interventor se dará cuenta al Pleno de la Corporación Local. Dicho informe, cuyo contenido se determinará reglamentariamente, se someterá a requerimiento del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, a la valoración por los órganos competentes de éste, que informarán del resultado de dicha valoración al Ministerio de Economía y Competitividad.

Asimismo, con el fin de garantizar el reembolso de las cantidades derivadas de las operaciones de endeudamiento concertadas, las Entidades locales que las hayan concertado podrán ser sometidas a actuaciones de control por parte de la Intervención General de la Administración del Estado.

La Intervención General concretará los controles a realizar y su alcance, en función del riesgo que se derive del resultado de la valoración de los informes de seguimiento. Para la ejecución de dichas actuaciones de control, la Intervención General podrá recabar la colaboración de otros órganos públicos y de empresas privadas de auditoría, que deberán ajustarse a las normas e instrucciones que determine aquélla. La financiación necesaria para ello se realizará con cargo a los recursos del Fondo.”

Disposición Adicional tercera. Aplicación del mecanismo de financiación para el pago a proveedores de las entidades locales: “5. El plan de ajuste regulado en el [artículo 7](#) del Real Decreto-ley 4/2012, de 24 de febrero, se elaborará por las respectivas corporaciones locales, de acuerdo con su potestad de auto organización, y se presentará, con informe del interventor, para su aprobación por el pleno de la corporación local.”

3º.-ORDEN HAP/53/2012, DE 9 DE MARZO: Anexo III.

4º.-ORDEN HAP/2105/2010, de 1 de octubre:

CAPÍTULO IV. Obligaciones de suministro de información en el ámbito de las Corporaciones Locales.

Artículo 15. Obligaciones anuales de suministro de información: “Con carácter anual se remitirá la siguiente información:

1. Antes del 1 de octubre de cada año:

- a) Las líneas fundamentales de los Presupuestos para el ejercicio siguiente o de los estados financieros.
- b) El estado de previsión de movimiento y situación de la deuda.
- c) La información que permita relacionar el saldo resultante de los ingresos y gastos de las líneas fundamentales del Presupuesto con la capacidad o necesidad de financiación, calculada conforme a las normas del Sistema Europeo de Cuentas.
- d) El informe de la intervención de evaluación del cumplimiento del objetivo de estabilidad, de la regla del gasto y del límite de deuda.

2. Antes del 31 de enero de cada año:

a) Los presupuestos aprobados y los estados financieros iniciales de todos los sujetos y entidades comprendidos en el ámbito de aplicación de esta Orden, de las inversiones previstas realizar en ejercicio y en los tres siguientes, con su correspondiente propuesta de financiación y los estados de previsión de movimiento y situación de la deuda.

Si a 31 de enero no se hubiera aprobado el Presupuesto, deberá remitirse el prorrogado con las modificaciones derivadas de las normas reguladoras de la prórroga, hasta la entrada en vigor del nuevo Presupuesto.

- b) La información que permita relacionar el saldo resultante de los ingresos y gastos del presupuesto con la capacidad o necesidad de financiación, calculada conforme a las normas del Sistema Europeo de Cuentas.
- c) El informe de la intervención de evaluación del cumplimiento del objetivo de estabilidad, de la regla de gasto y del límite de la deuda.
- d) La información relativa a personal recogida en los apartados 1 y 2 del artículo 7.

3. Antes del 31 de marzo del año siguiente al ejercicio en que vayan referidas las liquidaciones:

- a) Los presupuestos liquidados y las cuentas anuales formuladas por los sujetos y entidades sometidos al Plan General de Contabilidad de Empresas o a sus adaptaciones sectoriales, con sus anexos y estados complementarios.
O **Sr. Secretario** interviu para facer constar que as regulacións previstas na moción deberían ser obxecto de regulamento municipal.

A **Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE**, sinalou que se ían abster

posto que, se ben estaban en contra de calquera tipo de maltrato, tamén era certo que os circos non deixaban de ter atractivo para o público.

A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, indicou que estaban en contra do maltrato animal e, polo tanto, ían apoiar a moción, aínda que esta era practicamente unha copia da que o BNG estaba presentando noutros concellos, polo que os promotores desta, polo menos, debían citar as súas fontes.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou, tras escoitar ao **Sr. Secretario**, que o por el sinalado era o motivo do seu voto e non porque non estivese de acordo co sinalado na moción, pero tiña dúbidas sobre como regular estes espectáculos en espazos privados, dicíndolle ao poñente da moción que antes posicionouse noutro asunto en contra de que se presentasen temas no pleno sen levar a comisión informativa, en cambio agora presenta este por urxencia, cando perfectamente podía esperar.

O **Sr. Gonzalo Pita** pediu desculpas por non ter presentado antes esta moción e rexeitou o argumento do grupo socialista respecto do atractivo deste tipo de espectáculos, porque entón se estaban a trasladar malos valores cara á xuventude. Polo que respecta a que o BNG presente este tipo de moción noutros concellos, dixo que non o sabía e que a súa fonte foi unha asociación en defensa dos animais e que esta moción, neste concello, foi presentada polo interviniente. Por último aludiu, con respecto á legalidade, que non tiña ningún problema en introducir no texto da moción que se debía redactar un regulamento municipal.

A **Sra. Aguíñ Pombo** indicou que sempre foi a circos con animais, que tivo animais na súa casa e que está en contra de calquera maltrato, pero que os valores non se trasladan por ir ou non ao circo, senón polo que aprende cada un na súa casa.

A **Sra. Fernández Agraso** expuxo o seu acordo coa moción e puntualizou que estes circos, á parte dos problemas sinalados, tamén ocasionan situacións de abandono de animais.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** mantívose no dito na súa anterior intervención sobre a urxencia deste asunto, explicou que a creación da ordenanza tiña que ser o primeiro e despois aplícala e finalmente aludiu a que non estaba de acordo con que todos os circos maltratasen aos animais.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, explicou que neste concello, en zonas públicas, xa non se autorizan circos e que en zonas privadas teñen que presentar documentación acreditativa das condicións nas que se encontran os animais, ademais xa existe unha ordenanza municipal reguladora da publicidade por megafonía.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 5 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal do PS

deG-PSOE e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia a moción resultou **aprobada**, por **maioría simple dos concelleiros/as asistentes á sesión, nos termos anteriormente transcritos.**-----

2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL PARA QUE NON SE CONCEDA O USO DE FORMA PRIVADA A EXPLOTACIÓN DO ESPAZO DO MIRADOR SITUADO ENTRE AS PRAIAS DOS BARCOS E PANADEIRA. O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“Os concejales integrantes de Grupo Municipal S.A.L. ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan para a súa discusión e, no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o próximo día 26 de Mayo de 2014 a seguinte MOCIÓN URXENTE

ANTECEDENTES

O mirador ubicado entre á praia urbana dos Barcos e a praia urbana da Panadeira e un dos lugares públicos con mais encanto da vila Sanxenxina.

Na actualidade a administración local ten otorgada a ocupación de este mirador para ser explotada de forma privada para disfrute daqueles que pagan, en detrimento da utilización pública por todos usuarios tanto veciños como visitantes, prevalecendo o interese economico por enriba do uso público.

Este feito incluso podriase considerar motivo de trato discriminatorio se algún establecemento privado solicita o uso do mirador da Madama ou calquer outro mirador.

Polo anteriormente exposto solicitamos ao pleno da corporación para o seu debate a aprobación si procede do seguinte acordo:

1.- Non conceder o uso de forma privada a explotación do espazo do mirador ubicado entre as praias dos Barcos e a praia da Panadeira deixando este espazo para uso e disfrute exclusivamente pública.”

O Sr. Gonzalo Pita xustificou a urxencia pola proximidade da tempada estival e ante as críticas dos veciños pola explotación privada deste espazo público, entendendo que o concello debe mirar os intereses xerais por enriba do afán recadatorio.

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, **a Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción**, que foi aprobada por **unanimidade**.

O Sr. Gonzalo Pita manifestou que existía unha protesta veciñal ante a realidade manifestada na moción, reiterando que este espazo público debía ser de disfrute para todos, tamén durante os catro meses de tempada de verán.

A **Sra. Alcaldesa** especificou que ía pedir ao Grupo Popular a abstención nesta moción, porque aínda que estaba de acordo co seu contido, o certo é que a autorización non a concede o concello, senón Portos de Galicia.

O **Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista**, tamén anunciou a súa abstención e dixo que viñan pedindo dende había tempo a aprobación dunha ordenanza de terrazas e que entre en funcionamento o antes posible, para evitar que cada un faga o que queira, engadindo que neste caso o que había que facer era decirlle a Portos que non autorizase esta terraza.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, sinalou que este espazo non era nin miradoiro, senón unha rampla que debía recuperarse para o uso público, o que se debía trasladar a Portos de Galicia, se ben esta entidade estaba a demostrar o seu carácter mercantilista con este tipo de actuacións.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, especificou que a **Sra. Alcaldesa** fixo un esforzo para pedir a abstención ante unha moción redactada con total falta de propiedade, engadindo que o espazo en si non é un miradoiro, senón que, polo contrario, fai dano á vista e que estaba ben coñecer que o concello non é responsable de todo o que se fai no termo municipal.

O **Sr. Gonzalo Pita** recoñeceu o expresado polos anteriores intervinientes e apuntou a que podía modificarse a moción no sentido de eliminar a referencia ao concello pola de “ Instar a Portos de Galicia”.

O **Sr. Otero Domínguez** aludiu a que tamén os concellos teñen unha normativa propia que deben facer cumprir e que o referido espazo é o que é por permisividade municipal, téndose convertido nun lugar de consumo de alcohol nas rúas.

A **Sra. Alcaldesa** mostrouse en contra do cambio da moción e sinalou que o que se debía reclamar a Costas e a Portos era a aplicación que estaban facendo das liñas de deslinde para outorgar autorizacións en terrazas, practicamente ata en fronte ao concello, usurpando competencias municipais.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 5 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal do PS deG-PSOE e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia a moción resultou **aprobada, por maioría simple dos concelleiros/as asistentes á sesión, nos termos anteriormente transcritos.**-----

3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL

SOBRE A CONEXIÓN Á REDE DE ALUMEADO PÚBLICO ÁS NOVAS FAROLAS INSTALADAS NO LUGAR DE COVA DE PAZOS. O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“Os concejales integrantes de Grupo Municipal S.A.L. ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan para a súa discusión e, no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o próximo día 26 de Mayo de 2014 a seguinte MOCIÓN URXENTE

ANTECEDENTES

A inoperancia das novas farolas instaladas no ano 2009 no lugar de Cova de Pazos na parroquia de Noalla foi criticada e solicitada ó grupo de goberno en varias ocasións.

Así, no pleno da corporación de fecha 28-05-2012 SAL realizou unha pregunta en relación as xestións realizadas por parte do Concello para a retirada dos antigos postes de luz que se atopaban no medio da calzada, sendo a resposta do concejal de obras que se desplazaría ó lugar e nos contestaría por escrito según consta en acta, dito escrito debe ser moi longo porque seguimos esperando dende entón por él.

O 21-11-12 SAL solicita copia dos tramites realizados pola administración local con respecto á instalación e conexión á rede pública das novas farolas, e se nos remite copia do expediente donde se atopa como unica documentación a solicitude dunha subvención para o soterramento da linea de baixa tensión.

Despois da falta de vontade para dar solucións os veciños desta demanda, SAL remite con fecha 22-12-12 informe técnico acreditando que as novas farolas constan dunha instalación totalmente finalizada e preparada para ser conectada á rede pública de alumeadado sendo totalmente independente á instalación antiga, solicitando a súa comprobación por parte de operarios municipais e que se nos informe do motivo polo que non se conecte as novas farolas e se proceda a retirar as antigas.

Dende entón seguimos esperando unha resposta ó que responde con descaro a unha apatía total da xestión municipal xa que 5 anos foron mais que suficientes para retirar uns postes que seguen a día de hoxe atravesados na calzada.

Por todo o anteriormente exposto solicitamos ante o pleno da corporación para o seu debate e aprobación si procede o seguinte acordo:

- 1.- Acordar definitivamente a conexión á rede de alumeadado público as novas farolas instaladas no lugar de Cova de Pazos.
- 2.- Acordar a retirada dos postes da antiga instalación luminaria da calzada.”

Neste intre, sendo as vinte e dúas horas e cincuenta e oito minutos, auséntase da sesión o **Sr. Otero Domínguez**.

O **Sr. Gonzalo Pita** xustificou a urxencia polo feito que dende o ano 2012 non existen noticias de avances nesta actuación e recordou que dende o ano 2005 seguen os farois vellos no medio da calzada.

A **Sra. Alcaldesa** dixo que ía propoñer ao Grupo Popular o voto en contra da urxencia, xa que a moción non ten este carácter, engadindo que se os farois seguen aí é porque ata agora non foi posible retiralas.

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, a

Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 0

En consecuencia e, ao non obter o voto favorable da maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, non resultou aprobada a declaración de urxencia desta moción.----

Sendo as vinte e tres horas e dous minutos, incorpórase novamente á sesión o **Sr. Otero Domínguez**.

4º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO SOBRE REMODELACIÓN INTEGRAL DO PARQUE DO ESPÍÑEIRO. A Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“O Grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguín Pombo e ó abeiro do desposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN**:

A día de hoxe o parque do Espiñeiro é o parque que ten o maior número de usuarios do Concello de Sanxenxo durante toda a semana e os fines de semana o número de usuarios é moito maior. Xunta usuarios de Portonovo e de outras parroquias incluso de outros Concellos.

Ten un número insuficiente de xogos infantís tendo en conta a gran cantidade de metros cadrados que ten o parque. O caucho en moitas zonas é inexistente, noutras está roto e os buratos tapados con un pouco de chapapote. Os biosaludables están oxidados e algúns apenas funcionan. As pistas deportivas levan meses sin porterías, os nenos non poden xogar o fútbol, as canastas de baloncesto sin rede.

Dende o PSdeG-PSOE de Sanxenxo pretendemos que o Parque do Espiñeiro sexa un parque moderno e completo de acorde as necesidades dos usuarios.

Entendemos que debe contar con un número moito maior de xogos infantís, columpios, tobogans, etc. A súa vez incrementar o número de bancos así como de papeleiras existentes. Proceder a reparar todas as zonas de caucho e dotar do mesmo as inexistentes así como proceder a limpeza da área existente en moitas zonas, co conseguinte dano que lle poden ocasionar os nenos.

Para o PSdeG-PSOE de Sanxenxo a pista de futbito debería estar completamente acristalada e dotada de césped artificial, o que levaría a ser unha pista moito mais segura e moi atractiva para o xogo dos nenos.

A pista de baloncesto dotar as canastas de redes e o chan con un material de acordo as características das pistas e a zona.

A súa vez as pistas deportivas deben estar sinalizadas, pintadas de acordo coa reglamentación existente.

Mellorar e reparar os biosaludables.

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Que se proceda a unha remodelación integral de todo o parque do Espiñeiro de Portonovo:

- a) Dotando dun maior número de xogos infantís.
- b) Reparación e dotación das zonas de caucho.
- c) Reparación e acondicionamento dos biosalubles.
- d) Instalación de un maior número de bancos e papeleiras.
- e) Reforma integral das pistas deportivas, dotando o campo de fútbol dun acristalamento o arredor, con porterías i herba artificial. A pista de baloncesto, con redes nas canastas. Ambas pistas completamente pintadas dacordo a normativa vixente.”

A **Sra. Agúin Pombo** xustificou a urxencia porque este parque é a zona verde de Portonovo, moi frecuentada polos veciños, servindo tamén esta actuación como unha forma de dinamización económica.

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que ía propoñer ao Grupo Popular o voto en contra da urxencia desta moción, porque neste momento é imposible facela e o que debe realizarse é mellorar o parque pouco a pouco, permitindo tamén que se acouten determinados espazos para que diversas asociacións podan realizar actividades, evitando conflitos no uso de zonas públicas.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, tamén anunciou o voto en contra da urxencia, indicando que neste momento non se pode executar todo o solicitado na moción, senón que hai que actuar aos poucos, na medida en que se obteñan subvencións, para o que se fixo o oportuno proxecto.

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, **a Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 0

En consecuencia e, **ao non obter o voto favorable da maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, non resultou aprobada a declaración de urxencia desta moción.**-----

5º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A CUMPRIR A LEI DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA (R. DE ENTRADA NÚMERO 3682 DO 26/05/14). O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“David Otero Domínguez, voceiro do grupo municipal do **Bloque Nacionalista Galego** de Sanxenxo,

EXPON:

No último informe remitido polo valedor do Pobo ao Parlamento galego podemos ler o seguinte: “Este ano, como os inmediatamente anteriores, produciuse un aumento nas solicitudes de axudas sociais ante situacións de necesidade, como son as Rendas de Integración Social de Galicia ou as Axudas de Emerxencia Social. Tamén medrou o número de queixas en relación con elas, sobre todo por denegacións que se consideraban inxustificadas ou por atrasos nas resolucións deses procedementos, que pola súa propia natureza deben resolverse con urxencia”.

Nesta liña, son varios os concellos e tamén as persoas que denunciaron os atrasos de máis de sete ou oito meses de retrasos e incumprimentos nas tramitacións da RISGA e da AES. Cómpre lembrar que a Lei de Inclusión de Galiza recolle o seguinte:

“Artigo 37. Resolución.

1.- Unha vez finalizada a instrucción do expediente, o órgano competente de ámbito provincial da Administración autonómica elaborará a correspondente proposta de resolución e ditará a resolución, que deberá ser notificada no prazo de dous meses desde a entrada da solicitude da RISGA en calquera dos rexistros do órgano competente para resolver”.

No recente informe de Cáritas española podemos comprobar como os datos a pobreza ofrecen un panorama desolador, sobre todo na Galiza. O informe sinala que na Galiza a pobreza infantil pasou dun 16,9% en 2007 a un 22,2% en 2012. Asemade, indica que 30.000 fogares non reciben ningún tipo de ingresos, e son xa unhas 465.000 persoas as que viven na Galiza baixo o limiar da pobreza.

Á luz destes datos, e dado que estas axudas para poder facer fronte a situacións de extrema necesidade e pobreza teñen urxencia para as persoas demandantes, consideramos urxente o que se cumpra a Lei de Inclusión Social de Galiza e que se poñan en marcha de inmediato de maneira urxente a tramitación das axudas da RISGA, para o que se deben cumprir os prazos que se establecen a este respecto.

Por outra banda, este incremento de persoas en exclusión social, consecuencia das erráticas políticas aplicadas durante a crise, converten en papel mollado os propagandísticos anuncios da Xunta relativos ao incremento da dotación na RISGA para 2014, de apenas 7 millóns de euros, cando para o pagamento da debida se consignaron sete veces máis (53 millóns de euros), e demostran a necesidade de achegar máis fondos públicos para as solicitudes se resolveren en prazo e para non incorrer en demoras inxustificábeis.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Instar á Xunta de Galicia a cumprir coa Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión social de Galiza que, no seu artigo 37, recolle como prazo para a resolución dunha solicitude de RISGA dous meses.

2.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar a dotación de fondos no programa da RISGA ante o incremento de persoas en situación de exclusión social.”

O **Sr. Otero Domínguez** xustificou a urxencia porque xa se chega tarde, sendo de toda xustiza que a Xunta de Galicia proceda a tramitar este tipo de expedientes no prazo legal, xa que afectan a persoas en situación social complicada.

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, **a Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción**, que foi aprobada por

unanimidade.

O **Sr. Otero Domínguez** reiterou os argumentos xa expostos na moción.

A **Sra. Alcaldesa** manifestou o seu apoio a moción porque todos estaban de acordo en que se aporten as partidas necesarias para facer fronte a este tipo de programas de carácter social.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación na que, por **unanimidade, resultou aprobada nos termos antes transcritos.**-----

6º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RESPECTO DA AUTOESTRADA DO ATLANTICO AP-9. O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“David Otero Domínguez, voceiro do grupo municipal do **Bloque Nacionalista Galego** de Sanxenxo,

EXPON

O BNG leva demandando desde o inicio da grave crise económica que se tomen medidas para que a AP-9 exerza como unha vía de comunicación que vertebre o territorio e sexa accesibel para todas as galegas e galegos. Nomeadamente, o BNG presentou iniciativas tanto no Parlamento de Galiza como no Congreso dos Deputados para demandar, entre outras medidas, que se conxelen ou se reduzan os prezos das peaxes na autopista do Atlántico. Porén, tanto a Xunta de Galiza como o Goberno do Estado español fan ouvidos xordos ás propostas do BNG, que, en realidade, son unha demanda social da maioría dos galegos e galegas, tamén no noso concello, pola imposibilidade económica de pagar peaxes inasumíbeis en momentos de tantas dificultades económicas.

Sen ir máis lonxe, o pasado 11 de marzo a Comisión de Fomento do Congreso rexeitaba, debido á oposición do PP, unha proposición non de lei do BNG que instaba o Goberno do Estado español a anular calquera incremento de peaxes para este ano, así como a conversión da AP-9 nunha autopista pública e gratuita.

A AP-9 parte dun deseño de infraestruturas terrestres deseñado en Madrid, de xeito centralista e radial, alleo á realidade do país. Resulta significativo que o gasto en peaxes ao viaxar entre Madrid e Ferrol sexa menor (16,20 euros) que viaxar entre Ferrol e Vigo (17,65 euros).

A privatización da autoestrada está a significar grandes incrementos das peaxes. Así, desde a prevatización de AUDASA no 2003 (actualmente propiedade de Itínere e á súa vez en mas dun fondo especulativo norteamericano) incrementouse nun 50% as tarifas entre A Coruña e Vigo, pasando de 10,28 a 15,35 euros. Ademais, a concesión foi ampliada até o ano 2048 baixo o Goberno presidido por Aznar, unha explotación que outorga grandes beneficios económicos a esta empresa por unha infraestruturas que está máis que amortizada, como demostran os multimillonarios beneficios da empresa concesionaria, que ascenderon a 275 millóns de euros desde o ano 2008. No período comprendido entre o ano 2001 e o 2012, os beneficios desta empresa ascenderon a 1.270 millóns de euros, un incremento do 61% a pesar de que o número de persoas usuarias apenas se incrementou. A concesionaria sempre gaña, haxa ou non haxa tráfico, xa que se se reduce o tráfico, increméntase a tarifa por vehículo. AUDASA nunca perde.

Os beneficios nin siquiera repercuten na mellora do servizo. Non se mellorou a iluminación nin o asfaltado en moitos tramos e até diminuíu o número de cobradores. Esta autoestrada rexistra colas de horas en

períodos estivais ou datas sinaladas sen se adoptaren medidas de ningún tipo. Mesmo os clientes habituais da AP-9 non poden beneficiarse dos descontos polo uso frecuente, uns descontos que Itínere si ofrece noutras autoestradas do Estado español.

Estas condicións supoñen un claro abuso, e así o entende a sociedade galega que non ten máis remedio que optar pola vella N-550, duplicando os tempos de viaxe, mesmo con risco para a seguranza debido ao seu mal estado. A AP-9, xa suficientemente explotada a mans privadas, debería ser un servizo público gratuito que servise para vertebrar o territorio galego e facilitar as comunicacións.

Porén, a Xunta de Galiza mira para outro lado e o Goberno do Estado español anuncia o rescate de nove autoestradas en situación de concurso de acredores, a maioría delas en Madrid, con diñeiro de todos os contribuíntes do Estado español. Así, o PP continúa a rescatar as grandes construtoras e á banca con diñeiro público. No caso das autoestradas madrileñas fracasadas, todo o mundo sabe que eran proxectos errados desde o inicio mais que se construíron para beneficio de determinadas constructoras. É evidente que o PP está velando polos intereses de coñecidas empresas ou bancos en lugar de atender o interese xeral da cidadanía. Do mesmo xeito, resulta evidente que a estrutura centralista do Estado español favorece os intereses da metrópole madrileña en detrimento de nacións periféricas como Galiza.

Con todos estes precedentes, é necesario que a Xunta de Galiza deixe de mirar para outro lado e asuma as demandas da cidadanía galega. É preciso que o presidente da Xunta lidere un proceso que conduza nunha primeira instancia á redución das peaxes, nun mínimo do 32% que é o que subiron desde que se iniciou a crise, á aplicación de descontos e melloras na autoestrada, e que ese proceso conclúa co remate da explotación privada da AP-9 para ser unha autoestrada pública e gratuita de titularidade galega.

ACORDO

Por todo o exposto, o Pleno do Concello insta ao presidente da Xunta de Galiza a:

- 1.- Xestionar coa concesionaria da autoestrada do Atlántico, AP-9, a rebaixa dos prezos das peaxes en, cando menos, un 32%, que é a porcentaxe de aumento das tarifas desde o inicio da crise económica no ano 2007.
- 2.- Instar a Itínere a que aplique, polo uso frecuente, descontos análogos aos que aplica noutras autoestradas do Estado español.
- 3.- Esixir á empresa concesionaria a que repercuta as seus multimillonarios beneficios na mellora da autoestrada que adoece de deficiencias en moitos dos seus tramos, e na mellora da calidade do servizo que experimentou un empeoramento significativo.
- 4.- Demandar do Goberno do Estado español a que proceda á finalización da explotación privada da AP-9 en mans de AUDASA para convertela nunha autopista pública gratuita que cumpra coa súa función de rede de comunicación que vertebra todo o territorio galego de norte a sur.
- 5.- Posicionarse en contra do fraudulento rescate das autoestradas madrileñas.”

O **Sr. Otero Domínguez** xustificou a urxencia polo feito de que se estea a vender esta autoestrada como de primeira clase, cando dista moito dalgunhas autovías de carácter gratuito, sendo o que se pide na moción unha cuestión de dignidade e que tamén afecta a este concello, que polo seu carácter turístico, necesita os mellores accesos. O interviniente engadiu que para asuntos como este é polos que se deben interesar os deputados en Madrid e exercer, incluso, unha labor de intermediación.

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, **a**

Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que ían votar a favor da moción posto que todos son coñecedores desta necesidade e de defender esta postura tanto na Xunta como en Madrid.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación na que, por **unanimidade, resultou aprobada nos termos antes transcritos.**-----

ROGOS

1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL. Pola **Sra. Freijeiro Vázquez, concelleira do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal,** dáse lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“ D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do grupo municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais expoño ós membros do goberno local o seguinte **ROGO**:

Desde hace mucho tiempo los vecinos, visitantes y trabajadores de la zona de Pampaido, en la Granja (Dorrón), están sufriendo el estado tan lamentable, al igual que peligroso de la carretera, aceras y cunetas, de la subida y bajada de toda la zona. La imagen desde el Mirador de la Granja, que tiene unas vistas paisajísticas impresionantes, se ven estropeadas por este estado.

Esto hace años, mientras estaba en construcción la “Urbanización” prometía un final lleno de aceras, jardines, carreteras y acondicionamiento espectacular y ahora que la empresa ha dejado de actuar en la zona por los motivos de esta crisis, ha llevado al desastre, abandono y ruina de todo. Los peatones van por la carretera porque no se puede ir andando por las aceras debido a que no están terminadas, hay arquetas en medio de la calzada mucho más altas que el suelo, un peligro enorme para las motos y coches que la transitan, han quedado palos de Luz y Teléfono en medio de la carretera, que obliga a parar cuando se cruzan dos coches y hay mucha falta de visibilidad... Es una carretera muy transitada pues abajo hay una playa (Pampaido) y tres empresas con mucha afluencia de coches y camiones. En la playa, años atrás, vienen poniendo una ducha que no se ha utilizado nunca porque no le han conectado el agua y han hecho unas escaleras que tampoco se pueden usar. Y por la ausencia de iluminación provoca un punto más para el botellón de verano.

RUEGO:

Que se mire por este problema de forma urgente por la proximidad del verano y se den soluciones a estas graves deficiencias de la zona. Adjuntamos documentación fotográfica.”

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto,** sinalou que a ducha se vai instalar dentro duns días e a **Sra. Freijeiro Vázquez** sinalou que, ás veces, se instalou a ducha pero sen que saíse auga. A **Sra. Alcaldesa** deixou constancia de que non corresponde ao concello a urbanización de zonas de carácter privado.-----

2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL. Pola **Sra. González Serén, concelleira do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal,** dáse lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“ D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz de Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais expoño ós membros do goberno local o seguinte **ROGO**:

ANTECEDENTES

Temos constancia de que nas inmediacións da Praia de Areas (moi próximo ó parque infantil e ó aparcamento público) apilouse en zona pública, madeira procedente dunha tala nos arredores. Dada a mala imaxe e a inseguridade que elo está a provocar.

ROGO:

Teñan a ben realizar as xestións necesarias para que se retire de forma inmediata a madeira amoreada nas inmediacións da praia de Areas, e se deixe limpo de restos e cáscaras de madeira.

Xuntamos anexo con fotografías feitas a semán pasada.”-----

3º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL. Polo **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal,** dáse lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“ D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz de Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais expoño ós membros do goberno local o seguinte **ROGO**:

Ó final da praia de Areas, xusto donde empeza a senda litoral, hai unha rampa de baixada hacia a praia. Dita rampa conta con uns muros de contención de perpiaño, os cales teñen unhas “tapas” do mesmo material, que se atopan soltas e movidas.

Ademais, xusto ó lado da rampa, atópase como se mostra nas fotos, un poste de sinal con base de hormigón tirado e xa medio tapado polas hervas. Dado o perigo que pode ocasionar ós usuarios desta praia,

ROGO:

Teñan a ben realizar as xestións necesarias para facer fronte as reparacións necesarias para asegurar ditas pedras de forma inmediata, e retiren o poste da sinal.

Xuntamos anexo con fotografías.”-----

4º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO (R. DE ENTRADA NÚMERO 3688 DO 26/05/14). Polo **Sr. Buezas Méndez** dáse lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“**ROGO** que formula Dna Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PSdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97/6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

Os miradores da Granxa e de Palacios, en Sanxenxo, fai moito tempo que necesitan a rehabilitación i restauración dos azulexos así como a conservación e mantemento do seu entorno. Forman parte do patrimonio cultural e artístico do Concello de Sanxenxo. Ambos son paradas obrigatorias para moitas das persoas que nos visitan ademais dos propios vecinos.

ROGO: Que por parte desta Alcaldía se fagan tódolos trámites necesarios para subsanar as mencionadas deficiencias.”-----

5º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO (R. DE ENTRADA NÚMERO 3689 DO 26/05/14). Polo Sr. Buezas Méndez dáse lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“**ROGO** que formula Dna Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PSdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97/6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

Fai máis dun ano solicitamos o acondicionamento das rotondas e os accesos ao Concello de Sanxenxo dende os diferentes puntos: A Granxa, Vilalonga e o Grove. A resposta foi que estaban pendentes de outras administracións. A día de hoxe segue todo na mesma situación.

ROGO: que por parte desta Alcaldía se fagan tódolos trámites necesarios para subsanar as mencionadas deficiencias.”

A Sra. Alcaldesa explicou que o concello non pode empregar recursos municipais en zonas que non son da súa propiedade.-----
--

6º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO (R. DE ENTRADA NÚMERO 3687 DO 26/05/14). Polo Sr. Buezas Méndez dáse lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“**ROGO** que formula Dna Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PSdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97/6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

A estrada que transcorre entre a rotonda de Arnelas e a rotonda de Baltar, Rúa Circunvalación, atópase sempre nun estado lamentable. Beirarrúas, arcéns, cunetas cheas de maleza, basura, etc. Esta estrada comunica os dos núcleos urbanos máis importantes do Concello de Sanxenxo polo que entendemos que debe de estar sempre nunhas boas condicións.

ROGO: que por parte desta Alcaldía se fagan tódolos trámites necesarios para subsanar as mencionadas deficiencias.”

A Sra. Alcaldesa sinalou que continuamente se están acondicionando as estradas, manifestando que o que se debe realizar é unha beirarrúa en condicións.-----

7º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO (R. DE

ENTRADA NÚMERO 3686 DO 26/05/14). Polo **Sr. Buezas Méndez** dáse lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“**ROGO** que formula Dna Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PSdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97/6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

NO PEI Nº 13, o Concello é propietario de 70.000 m2 metros cadrados. A día de hoxe ese PEI é un auténtico bosque e selva. Entendemos que o acondicionamento, aínda que non sexa de todos os metros senón de unha boa pare, para aparcadoiro de autobuses i vehículos particulares, sería unha boa opción de cara o comezo da época estival. Non podemos esquecer que moitas touroperadoras non fan escala en Sanxenxo por carecer de aparcadoiro para os autobuses. Ademais tendo en conta o grave problema de aparcadoiro que ten este Concello na época estival axudaría o sector servizos de este Concello.

A inversión tampouco sería moi grande e o rendemento sería moi bó para os intereses do Concello de Sanxenxo.

ROGO: Que por parte desta Alcaldía se fagan tódolos trámites necesarios para subsanar as mencionadas deficiencias.”

A **Sra. alcaldesa** especificou que no PEI o concello non ten competencias ata que non se lle entregue a urbanización.-----

PREGUNTAS

1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL. Pola **Sra. Freijeiro Vázquez, concelleira do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal,** dáse lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.), ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa contestación no próximo pleno ordinario, a seguinte pregunta:

ANTECEDENTES

A asociación “Can de San Roque” de Portonovo ben de solicitar a conciliación do uso compartido do aparcadoiro do Porto entre os comerciantes-hosteleiros e a cofradía de pescadores, sendo o concello unha parte fundamental nas negociacións.

¿En qué momento se atopan as xestións realizadas polo Concello?.”

A **Sra. Alcaldesa** contestou que o asunto estaba pendente da redacción de planos confeccionados polos tecnicos para entregalos á confraría e a Portos de Galicia.-----

2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL. Pola **Sra. González Serén, concelleira do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal,** dáse lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.), ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locales, formula, para a súa contestación no próximo pleno ordinario, a seguinte pregunta:

ANTECEDENTES

Recentemente o concelal de economía ven de comunicar a renuncia da presentación dos orzamentos do exercicio 2014 alegando non ter que incrementar a carga fiscal dos veciños para compensar o remanente de tesourería negativo.

PREGUNTA:

¿Podemos confirmar cal é a cantidade deste remanente de tesorería negativo?.”

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, contestou que, a data de 31 de decembro do ano pasado, o remanente de tesouraría negativo estaba en 5.900.000 euros, producíndose un recorte no primeiro trimestre de este ano de aproximadamente 1.300.000 euros.-----

3º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL.

Polo Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, dáse lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.), ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locales, formula, para a súa contestación no próximo pleno ordinario, a seguinte pregunta:

ANTECEDENTES

Vostede Sra. presidenta sempre se enorgulleceu de empezar a súa carreira política en Servizos Sociais, en onde non se recorta nunca o presuposto, o cal nos parece ben.

As familias pendentes de recibir as axudas por menores de 3 anos e por material escolar non entenden esta demora e as mentiras as que foron sometidas, o que a todas luces e unha metedura de pata política.

A indignación que sinte este colectivo especialmente necesitado economicamente da nosa sociedade non ten nome, estando dende o 10 de marzo agardando un informe dos técnicos municipais.

Deixar a 150 familias das mais desfavorecidas economicamente deste concello sen o que lles corresponde, e dicir, dunha axuda proposta por este concello e que agora non quere recoñecer, é cando menos dunha falta de responsabilidade sen precedentes dentro dos alcaldes do noso concello.

PREGUNTA

¿Cantas destas familias están en situación de exclusión social e cando se lles vai a recoñecer os seus dereitos podendo recibir as axudas pendentes?.”

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que non contestou aos veciños que interviron antes da sesión porque non existiu pregunta e engadiu que daría traslado do informe cando soubese totalmente o que tiña que facer, puntualizando que aos grupos da oposición non lle preocupou esta situación ata agora e están aproveitando para facer política. **O Sr. Gonzalo Pita** interviu neste momento para solicitar que axilizase a realización dos informes e a reunión cos veciños, sinalando a **Sra. Alcaldesa** que se entregarán os documentos cando se teñan, tratándose dun problema de difícil

solución e cun trámite complicado.-----

4º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DO PS DE G-PSOE (R. DE ENTRADA NÚMERO 3690 DO 26/05/14). A Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“Dona Dulcinea Aguíñ Pombo, voceira do PSdeG-PSOE no Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte **PREGUNTA**

Podenos dicir cantas persoas a día de hoxe están en situación de desemprego no Concello de Sanxenxo e cantas persoas perciben axudas de este Concello (axudas para a compra de alimentos, pagos de recibos, estudos, etc.)?”

A Sra. **González Domínguez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, contestou que se encontraban 1737 persoas en situación de desemprego e que 66 familias recibiron axudas por emerxencia social no ano 2013.-----

5º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DO PS DE G-PSOE (R. DE ENTRADA NÚMERO 3692 DO 26/05/14). Polo Sr. **Buezas Méndez** dáse lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“Dona Dulcinea Aguíñ Pombo, voceira do PSdeG-PSOE no Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte **PREGUNTA**

A portas dunha nova tempada estival, podenos dicir si ten previsto alguna actuación relativa a unha mellora sinalización dos puntos de interese de todo o Concello de Sanxenxo, callexero municipal, paneis virtuais, etc.?”

A Sra. **Alcaldesa** contestou que dende a concellería de obras se estaba realizando unha reposición de sinais e ademais encargáronse paneis virtuais sobre a base dunha subvención.-----

6º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DO PS DE G-PSOE (R. DE ENTRADA NÚMERO 3693 DO 26/05/14). Polo Sr. **Buezas Méndez** dáse lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“Dona Dulcinea Aguíñ Pombo, voceira do PSdeG-PSOE no Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte **PREGUNTA**

Podenos dicir de quen á a competencia da limpeza dos terreos da futura e ata o de agora inexistente Cidade Deportiva de Sanxenxo?”

A Sra. **Alcaldesa** contestou que a competencia é dos propietarios, agás nunha zona na que o concello ten autorización para a súa utilización.-----

7º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DO PS DE G-PSOE (R. DE ENTRADA NÚMERO 3691 DO 26/05/14). Polo **Sr. Buezas Méndez** dáse lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“Dona Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PSdeG-PSOE no Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte **PREGUNTA**

A nave industrial situada no lugar do Vinquiño, utilizada pola empresa de limpeza ASCAN, podenos decir si a mencionada empresa conta cos permisos necesarios para baldeo de contenedores e camións na mesma nave e posterior evacuación hacia a rúa, ocasionando embalsamentos de auga?”.

O **Sr. Buezas Méndez** dixo que se trataba dunha queixa de varios veciños, corroborada por persoal de medio ambiente.

A **Sra. Alcaldesa** sobre esta última apreciación indicou que o concelleiro que a fixo debería manifestala por escrito, porque se se coñece esa situación polo funcionario municipal e non se fixo a denuncia oportuna, terá que investigarse a través do correspondente expediente. O **Sr. Buezas Méndez** cre que non se deu permiso para o lavado de colectores e a **Sra. Alcaldesa** especificou que non se pode lavar e votar residuos pola rúa abaixo, matizando que os colectores teñen que lavarse con lavacolectores.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** entrevistou para sinalar que determinadas afirmacións hai que demostralas e que se enviaron técnicos ao lugar, que concluíron que a acumulación de auga procedía de adhesivos de formigón procedentes da execución dunha obra nunha estrada autonómica, pero que non había residuos procedentes do lavado de colectores.-----

8º) O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, e respecto dunha pregunta anterior sobre o aparcadoiro na zona portuaria de Portonovo e a contestación dada pola **Sra. Alcaldesa** sobre a realización dun plano, preguntoulle á **Sra. Alcaldesa** se coñecía o plan de usos do porto de Portonovo, contestando de xeito afirmativo a interpelada e a continuación o voceiro do BNG dixo que no referido documento se sinala que no porto se teñen que combinar fins portuarios con usos públicos, como o de aparcadoiro. A **Sra. Alcaldesa** sinalou que se trataba de conseguir que todo o mundo poida convivir, non sendo un espazo onde o concello poida decidir unilateralmente e se procurar que a confraría deixe unha zona de varadoiro para poder ser utilizada como aparcadoiro, sobre todo os días das festas.-----

9º) O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego preguntou se estas xestións se ían plasmar nun convenio, contestando a **Sra. Alcaldesa** que a fórmula aplicada noutros concellos a través de convenios, non era trasladable a este por diversas cuestións, como a referente aos horarios.-----

10º) O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

preguntoulle á Sra. Alcaldesa se non habería que tramitar un plan especial no Porto de Portonovo para acoutar diversas zonas de utilización. A **Sra. Alcaldesa** contestou que o unico porto que tiña en Galicia aprobado un plan especial era, precisamente, o de Sanxenxo, porque foi necesario para que se lle dese ao concello a concesión, polo que coñecía perfectamente a problemática destes plans especiais, engadindo que no resto dos portos interesaba mais regularse a través do plan de usos e, en Portonovo, sucede o mesmo, xa que este último documento dá unha maior flexibilidade, sen necesidade de limitar espazos acoutados e á procura de conseguir unha harmonización de intereses das distintas partes.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidencia da por rematada a sesión sendo as cero horas e cinco minutos do día vinteseite de maio de dous mil trece, de todo o que, eu secretario, dou fe: